

O leñador honrado

Había unha vez un pobre leñador que volvía á casa despois dunha dura xornada de traballo. Ao cruzar a ponte que atravesaba o río, caeulle o machado na auga.

O home púxose moi triste e dixo:

—Oh! E como farei agora para gañar o pan, se non teño machado?

Pero de súpeto —Oh! Sorpresa!—, saíu da auga unha fermosa ninfa que lle dixo.

—Agarda, bo home, eu vouche devolver o machado.

A ninfa afundiuse no río e ao pouco saíu cun machado de ouro macizo nas mans.

—Pode ser este o teu machado? —preguntou a ninfa.

—Non, non é este. O meu machado non é dourado— respondeu o leñador.

Así, a ninfa afundiuse por segunda vez e apareceu pouco despois cun machado de prata.

—E este? Pode ser este o teu machado? —volveulle preguntar a ninfa.

—Non, este tampouco é o meu. O meu non era nin de ouro nin de prata —respondeu o leñador desgustado.

E por terceira vez a ninfa mergullouse nas augas do río. Saíu cun machado de aceiro na man dereita.

—Oh! Grazas! Grazas! Este si que é o meu!

—Ben, leñador, como es tan honrado, eu regáloche os outros dous machados. Preferiches a honradez que a mentira e mereces este premio.

Esopo

Responde estas preguntas sobre o texto que escoitaches.

1 Que lle cae á auga ao leñador?

.....

.....

2 Por que estaba preocupado o leñador?

.....

.....

3 Quen vai saír do río?

.....

4 O machado do leñador era...

- ☐ De ouro.
- ☐ De aceiro.
- ☐ De prata.

5 De que maneira lle axudou a ninfa ao leñador?

.....

6 A primeira vez que a ninfa se afundiou sacou un machado...

- ☐ Pintado.
- ☐ De aceiro.
- ☐ Dourado.

7 Que lle regala a ninfa ao leñador? Por que?

.....

8 Ti que farías se foras o leñador?

.....

.....